

Unidade 11. Dá unha noticia

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Coñecemento da lingua

1 Completa.

- Os **adverbios** son palabras que expresan circunstancias de lugar, **tempo**, modo, cantidade, **dúbida**, etc.

2. Clasifica os seguintes adverbios.

así onte máis ben lonxe quizais bastante non sempre
arriba diante dentro pouco alá talvez nunca pasadomañá moi antes
si

Lugar	Modo	Tempo	Cantidade	Negación	Afirm.	Dúbida

Lugar	Modo	Tempo	Cantidade	Negación	Afirmación	Dúbida
lonxe, arriba, diante, dentro, alá,	así, ben,	onte, sempre, nunca, pasadomañá, antes	máis, bastante, pouco, moi	non,	si	quizais, talvez,

3 Identifica os adverbios nas seguintes oracións e di a que clase pertencen.

- Agora** foi Xoel mercar o libro. **Adverbio de tempo.**
- Eu **tampouco** sei se iso que me dis é verdade. **Adverbio de negación.**
- Uxío sorprendeume moi **gratamente.** **Adverbio de modo.**
- O meu pai vive **alí.** **Adverbio de lugar.**

- Posiblemente **non** vai á excursión de fin de curso. **Adverbio de negación.**
- Xa temos **abondo** con sete refrescos. **Adverbio de cantidade**

4 Escribe seis oracións cos adverbios da actividade dúas..

- _____.
- _____.
- _____.
- _____.
- _____.
- _____.
- _____.

Unidade 11. Dá unha noticia

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Coñecemento da lingua

1 Escribe as comas que faltan.

- Gústame moito escoitar música, ler, estar cos amigos e xogar.
- Paula pecha a porta, a da cociña.
- O Teide, a montaña máis alta de España, está nas Illas Canarias.
- Mañá imos ao cine. Pedro, animaste?
- Mamá, non esquezas traerme a mochila, os lentes e a chaqueta.
- O Miño, o Sil, o Tambre e o Xallas son ríos galegos.



2 Rodea os puntos e comas das oracións e explica para que se empregan.

- Xavier, o director; Raquel, a xefa de estudos; Lois, o secretario e Cristina, a titora de 5.º B entraron na sala de profesores.

Separa os elementos dunha enumeración que tamén inclúe comas.

- Chove moitísimo; non pode aterrar o avión.

Marca unha pausa entre dúas cláusulas.

- Está nevando moito; non obstante, sairemos esta noite.

Sinala unha pausa entre dúas proposicións que xa inclúen outros signos de puntuación

- Correu moito; con todo non quedou o primeiro.

Fai unha pausa antes dunha conxunción nunha oración longa.

- Eu merquei un bolígrafo, dous cadernos e un afialapís; meu irmán un estoxo e un libro de mitoloxía.

Indica unha pausa nunha oración na que xa hai outros signos de puntuación.

3 Escribe o ditado.

Unidade 11, Dá unha noticia

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

LITERATURA

1 Le o seguinte texto.

FOLLA DE CARBALLO.- Son folla de Carballo,

agarimo do ar.

A leve pinga de orballo

sobre min se vén pousar.

ESPIÑA DE TOXO.- Eu son a Espiña de Toxo,

Espiña de toxo arnal.

Aínda que teño cara fera,

nunca fixen ningún mal.

FOLLA DE CARBALLO.- Freidora, fera, mancas ao ar co teu xeito de agulla. As andoriñas foxen de ti. Eu son suave. Doulles pousada aos paxaros.

ESPIÑA DE TOXO.- Teño feitura de agulla porque así son máis delgada. Só por iso.

FOLLA DE CARBALLO.- Todo o mundo che ten medo.

ESPIÑA DE TOXO.- Son así. Non fago mal a ninguén. E quero ser a túa amiga.

FOLLA DE CARBALLO.- Imposible!


ESPIÑA DE TOXO.- Por que...?

FOLLA DE CARBALLO.- Porque non.

ESPIÑA DE TOXO.- Iso non é razón.

Manuel MARÍA

Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada
Berenguela. (Adaptación)



2. Contesta.

- É un texto poético, narrativo ou teatral?

É un texto teatral.

- Quen son os protagonistas?

Os protagonistas son espiña de Toxo e folla de Carballo

.....

- Continúa ti o diálogo desta peza.

Resposta libre

.....

.....

.....

.....

.....

.....